

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5395** *Lei orgánica 2/2014, do 21 de maio, de reforma do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

O artigo 54 da Lei orgánica 9/1982, do 10 de agosto, do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha, sinala o procedemento a través do cal se pode reformar este corpo legal.

Esta disposición débese complementar coas previsións do Regulamento da Cámara rexional que prevé que, conforme establecen os artigos 159 e 160 do Regulamento das Cortes de Castilla-La Mancha, a reforma do Estatuto de autonomía se pode realizar a través da forma de proxecto ou proposición de lei.

Así, o noso estatuto sufriu as seguintes reformas a través das seguintes leis orgánicas: a Lei orgánica 6/1991; a Lei orgánica 7/1994, do 24 de marzo, de reforma do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha, e, por último, a Lei orgánica 3/1997, do 3 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha, en cuxo número quinto se modificou o réxime electoral previo á reforma incluíndo desde ese momento unha distribución mínima de escaños conforme a seguinte relación provincial: Albacete, 10; Ciudad Real, 11; Cuenca, 8; Guadalajara, 7, e Toledo, 11.

Desta maneira abandonouse a previsión dun sistema proporcional puro contido na redacción orixinaria do Estatuto de autonomía pola asignación directa de escaños, dentro dun arco de entre 47 a 59 deputados.

Esta rixida regulación impide que, en consonancia cos esforzos que se están solicitando a todos os castelán-manchegos, as Cortes de Castilla-La Mancha poidan afondar aínda máis no esforzo que están realizando reducindo, en prol dun maior equilibrio entre a austeridade e a adecuada representatividade, o número de deputados elixibles á Cámara lexislativa da rexión.

Moitos son os esforzos e os axustes que se solicitaron aos castelán-manchegos para solucionar a importante crise institucional e financeira da nosa rexión. É lóxico que os representantes dos cidadáns asuman tamén estes axustes como propios e contribúan ao esforzo colectivo xa que a redución de parlamentarios é unha demanda que preocupa a sociedade castelán-manchega.

Por este motivo é imperativo a eliminación das actuais previsións estatutarias e a aprobación das que se conteñen nesta proposición de lei para permitir ao lexislador autonómico adecuar a lexislación electoral autonómica e reducir, de maneira significativa, o número de deputados que integran as Cortes de Castilla-La Mancha.

No exercicio da autonomía que lle confire a Constitución e que regula o propio Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha, propónse a reforma puntual do parágrafo segundo do artigo 10.2.

Ademais, a presente proposta de reforma pretende devolver a Castilla-La Mancha á regulación anterior que supón unha mellor adaptación do marco da elección dos deputados rexionais, ao permitir unha adaptación da lei electoral correspondente sen estar limitada polo rixido mandato estatutario.

Unha reforma que responde a unha iniciativa propia de Castilla-La Mancha como consecuencia da necesidade de seguir avanzando na España das autonomías, preconizada pola Constitución española, a través dunha implicación directa coa sociedade, escoitando as súas demandas e adoptando as medidas imprescindibles para asegurar trasladar estas ao tecido e á estrutura institucional da Comunidade Autónoma.

Desta maneira Castilla-La Mancha pretende, con esta reforma puntual do Estatuto de autonomía, perfeccionar o tecido constitucional do seu autogoberno e mellorar desta maneira o marco xurídico e democrático da nosa rexión.

**Artigo único.** *Reforma da Lei orgánica 9/1982, do 10 de agosto, do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha.*

O parágrafo segundo do número segundo do artigo 10 da Lei orgánica 9/1982, do 10 de agosto, do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha, quedará redactado conforme o seguinte teor literal:

Artigo 10.

(...)

«A circunscrición electoral é a provincia. As Cortes de Castilla-La Mancha estarán constituídas por un mínimo de 25 deputados e un máximo de 35.»

(...)

**Disposición derogatoria.**

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango no que contradiga ou se opoña ao disposto nesta lei.

**Disposición derradeira.**

A presente reforma do Estatuto de autonomía de Castilla-La Mancha entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY